DEBER DE INFORMACIÓN ADICIONAL - EXENCIÓN DE FRANXA DE SAÍDA (SLOT ATFM) PARA VOO MÉDICO E/OU HUMANITARIO

Responsable do tratamento

Identidade: Enaire – NIF: Q2822001J
Enderezo postal: Avda. de Aragón, 330 - Edificio 2 - 28022 Madrid
Teléfono: 913 21 02 11
Enderezo electrónico: informacion@enaire.es
Delegado de protección de datos (DPD): ucpd@enaire.es

Finalidade do tratamento

Finalidade: Os datos solicitados serán tratados coa finalidade de tramitar e xestionar a solicitude de exención de franxa de saída (Slot ATFM) para voo médico e/ou humanitario conforme a lexislación vixente aplicable.

Prazos de conservación: Os datos serán conservados durante un prazo de 3 anos.

Lexitimación

A base legal para o tratamento dos datos por parte de ENAIRE é o artigo 6.1.e) do RXPD: o Tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento:

- Regulamento (UE) núm. 255/2010 da Comisión do 25 marzo de 2010 polo que se establecen normas comúns sobre a xestión de afluencia do tránsito aéreo.

Destinatarios

Están previstas comunicacións de datos, en caso de ser requiridos e atendendo ao marco de cultura xusta adoptado por ENAIRE, á Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) no exercicio da súa potestade de supervisión, así como ás diferentes axencias e organismos competentes tanto dentro da Unión Europea como fóra dela en función dos requirimentos de seguridade aérea.

Dereitos

As persoas afectadas teñen dereito a:

- Obter confirmación sobre se Enaire está tratando os seus datos persoais.
- Acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, se é o caso, solicitar a supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins que foron obtidos.
- Solicitar en determinadas circunstancias:
  - A limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso só serán conservados por Enaire para o exercicio ou a defensa de reclamacións.
  - A oposición ao tratamento dos seus datos, en cuxo caso, Enaire deixará de tratar os datos, agás por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións. Incluído o tratamento dos seus datos para decisións individuais automatizadas.
  - A portabilidade dos datos para que sexan facilitados á persoa afectada ou transmitidos a outro responsable, nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica.

Os dereitos poderán exercitarse ante a Unidade Central de Protección de Datos de Enaire (UCPD), Avda. de Aragón, 330 Edificio 2 - 28022 MADRID (Madrid) ou a través da Administración electrónica de ENAIRE (sede.enaire.gob.es).

Se no exercicio dos seus dereitos non foi debidamente atendido poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos – Enderezo: C/ Jorge Juan, 6 - 28001 MADRID (Madrid) – Sede electrónica: sedeagpd.gob.es. Non obstante, en primeira instancia poderá presentar unha reclamación ante o delegado de protección de datos de ENAIRE: ucpd@enaire.es.